



Concello de Oza-Cesuras

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

A situación que vivimos motivada pola crise do COVID-19, as dúbidas acerca do momento en que a vida poida retomar a nova normalidade, a responsabilidade de todos e todas de cumprir as medidas establecidas para que esta situación se resolva o antes posible, o compromiso coa sociedade en xeral e cos veciños e veciñas deste municipio dificultan inicialmente a celebración das festas parroquias que tradicionalmente se veñen celebrando neste termo municipal durante meses de maio, xuño e xullo, e polo que, esta Alcaldía, en base ás atribucións que lle confire a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e co obxecto de evitar a aglomeración de persoas durante o estado de alarma ou, no seu caso, durante a situación que o substitúa ata o momento en que a nova normalidade permita a celebración deste tipo de eventos,

RESOLVE:

PRIMERO: Non autorizar a celebración de festexos nos espazos públicos e locais de titularidade municipal, inicialmente durante os meses de maio, xuño e xullo de 2020, polo que se suspende a celebración das festas parroquias que tradicionalmente se veñen celebrando nesas datas.

SEGUNDO: Publicar a presente resolución na páxina web do concello para coñecemento xeral de todos os veciños e veciñas.

TERCEIRO: Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

En Oza-Cesuras, na/s data/s que figura/n na/s sinatura/s electrónica/s

O ALCALDE,

Asdo.- José Pablo González Cacheiro

**Dou fe,
O SECRETARIO,**

Asdo.- José C. Sánchez Presedo

